

O QUE PASABA EN 1986

NO MUNDO:



Estados Unidos celebra por primeira vez o día de Martin Luther King como festa oficial.

O transbordador espacial Challenger estoupa con sete tripulantes a bordo.

O primeiro ministro de Suecia, Olof Palme, é asasinado en Estocolmo.

A URSS pon en órbita a estación espacial MIR.

Avións norteamericanos bombardean diversos obxectivos en Libia.

A OTAN aproba a construción de novas armas químicas por parte dos Estados Unidos.

Raúl Alfonsín, presidente de Arxentina, sofre un atentado que case lle custa a vida.

Ferdinand Marcos abandona Filipinas e Corazón Aquino forma un Goberno provisional.

EN GALICIA:



Nace a Mesa pola Normalización Lingüística.

III Encontro de escritores do País Basco, Cataluña e Galicia (GALEUZCA) (Baiona).

Importantes manifestacións pola reconversión naval.

Exposición Castelao (Madrid, Compostela...) e concerto "8 compositores galegos hoxe" (A Coruña).

Mostra de fotografía "34 Arquitectos contemporáneos galegos" (A Coruña).

Morren o xeólogo Parga Pondal, o pintor Prego e os escritores Anxel Fole, Tomás Barros, Fernández de la Vega, Varela Buxán, Álvarez Gallego e Eusebio Lorenzo Baleirón.

A Gran Enciclopedia Galega remata a súa publicación despois de once anos.

Suso de Toro publica "Polaroid" e "Mar do fin da terra", obra de arte múltiple na que conxuga a poesía de Cesáreo Sánchez, gravados de Facal e música de Paulino Pereiro.

O día das letras é adicado a Aquilino Iglesia Alvariño.

EN ESPAÑA:





España ingresa na Comunidade Económica Europea.


España e Israel establecen relacións diplomáticas.

Comeza en España a emisión matinal de televisión.

O pobo español apoia mediante un referendo o ingreso de España na OTAN.



EN ELVIÑA:



Curso 86-87

Novo relevo na Xunta Directiva: Fermín Alvarez Lata, director; D. José María González González, vicedirector; D. Jesús Expósito García, xefe de estudos; D^a Leonor Alvarellos, secretaria; D. José María Peteiro Cartelle, vicesecretario.

Participase no concurso da TVG "Saber e xogar". En semifinais o noso Instituto é eliminado polo pontevedrés "Sanchez Cantón".

Lévanse a cabo varias reunións nas que participan varios ex-alumnos coa intención de fundar unha Asociación de Ex-alumnos. Créase unha comisión xestora que ao rematar o curso decide pospoñer o proxecto.

O 8 de xuño queda rexistrada no Goberno Civil -nº 9512- a Asociación Xuvenil do Instituto de Elviña.

